

*Produtos procedentes de países terceiros ***

Zona de captura ou de cría	País de orixe:	Calibre:	Frescura: Categoría:	E A B
Denominación comercial:				
Denominación científica:				
Peso neto: (Pto. envasado)	Método de produción:	Modo de presentación ou tratamento:	Expedidor: Nome, apelidos e enderezo:	Data de clasificación e data de expedición:

** Soamente para os produtos a que fai alusión o artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 2406/96 do Consello.

ANEXO II

Zonas de captura e de cría*Pesca extractiva*

Zona de captura	Definición da zona
Atlántico Noroeste.	Zona FAO n.º 21.
Atlántico Noreste.	Zona FAO n.º 27.
Mar Báltico.	Zona FAO n.º 27, III d.
Atlántico Centro-Oeste.	Zona FAO n.º 31.
Atlántico Centro-Leste.	Zona FAO n.º 34.
Atlántico Sudoeste.	Zona FAO n.º 41.
Atlántico Sueste.	Zona FAO n.º 47.
Mar Mediterráneo.	Zona FAO n.º 37.1, 37.2 y 37.3.
Mar Negro.	Zona FAO n.º 37.4.
Océano Índico.	Zona FAO n.º 51 y 57.
Océano Pacífico.	Zona FAO n.º 61, 67, 71, 77, 81 y 87.
Antártico.	Zona FAO n.º 48, 58 y 88.

Pesca en augas doces e cría

Tanto para os produtos pescados en augas doces como para os produtos cultivados, indícarase o Estado membro ou o país terceiro onde se pescase ou cultivase o produto na súa fase final de desenvolvemento.

A indicación das zonas de captura, pesca en augas doces ou de cría pódese facer máis precisa por parte de calquera operador interviniente no proceso de produción ou comercialización dun produto, mantendo, en todo caso, a zona xenérica.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA**2223**

REAL DECRETO 175/2004, do 30 de xaneiro, polo que se designa a autoridade de coordinación para efectos do Regulamento (CE) n.º 1148/2001 da Comisión, do 12 de xuño de 2001, sobre os controis de conformidade coas normas de comercialización aplicables no sector das froitas e hortalizas frescas. («BOE» 32, do 6-2-2004.)

O Regulamento (CE) n.º 1148/2001 da Comisión, do 12 de xuño de 2001, sobre os controis de conformidade coas normas de comercialización aplicables no sector das froitas e hortalizas frescas, establece no artigo 2.1 que cada Estado membro designará unha autoridade única encargada da coordinación e os contactos en todo o relacionado coa materia regulada no dito regulamento.

Dadas as funcións que en materia de inspección e control de calidade comercial lle corresponden en virtude do Real decreto 1371/2000, do 19 de xullo, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía, este real decreto designa a Secretaría Xeral de Comercio Exterior como autoridade de coordinación para os efectos do Regulamento (CE) n.º 1148/2001.

Considerando as competencias relativas aos controis de conformidade coas normas de comercialización de froitas e hortalizas frescas que corresponden a distintos departamentos ministeriais, e co fin de conseguir unha eficaz coordinación entre eles, este real decreto establece a creación dunha comisión interministerial, integrada por representantes dos distintos ministerios con competencias na materia, como órgano de apoio á autoridade de coordinación.

A constitución e o funcionamento da autoridade de coordinación e da Comisión interministerial de apoio á autoridade de coordinación non suporán ningún incremento de gasto público, e será atendida cos medios

materiais e de persoal xa existentes nos departamentos afectados.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía e dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Designación da autoridade de coordinación.*

Desígnase o secretario xeral de Comercio Exterior como a autoridade de coordinación a que se refire o Regulamento (CE) n.º 1148/2001 da Comisión, do 12 de xuño de 2001, encargada da coordinación e os contactos no relativo aos controis de conformidade coas normas de comercialización aplicables no sector das froitas e hortalizas frescas.

Artigo 2. *Órgano de apoio.*

1. Créase a Comisión interministerial de apoio á autoridade de coordinación no sector das froitas e hortalizas frescas, como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Correspóndelle á Comisión interministerial o exercicio das seguintes funcións:

a) Apoiar a autoridade de coordinación no exercicio das funcións que lle foron atribuídas polo Regulamento (CE) n.º 1148/2001 da Comisión, do 12 de xuño de 2001.

b) Propor as medidas que considere procedentes para conseguir a homoxeneidade e actualización dos distintos elementos que forman a base de datos de axentes económicos do sector das froitas e hortalizas.

c) Propor en qué condicións se incluírán ou non na base de datos os axentes económicos a que se refiren os puntos 1 e 4 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1148/2001.

d) Coñecer os proxectos que se puidesen elaborar de disposicións específicas de control da conformidade dos produtos na fase de venda polo miúdo ao consumidor.

e) Avaliar o réxime que se estableza de control por mostraxe da conformidade dos produtos que consten en poder dos axentes económicos coas normas de comercialización en todas as fases de comercialización.

3. A Comisión interministerial estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o secretario xeral de Agricultura e Alimentación.

b) Vocais:

1.º Dous representantes, con rango de subdirector xeral, do Ministerio de Economía: o subdirector xeral de Inspección, Certificación e Asistencia Técnica do Comercio Exterior e outro designado polo secretario xeral de Comercio Exterior.

2.º Dous representantes, con rango de subdirector xeral, do Ministerio de Sanidade e Consumo, designados polo subsecretario do departamento.

3.º Dous representantes, con rango de subdirector xeral, do Ministerio de Administracións Públicas, designados polo subsecretario do departamento.

4.º Dous representantes, con rango de subdirector xeral, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designados polo secretario xeral de Agricultura e Alimentación.

c) Secretario: o subdirector xeral de Inspección, Certificación e Asistencia Técnica do Comercio Exterior.

4. O funcionamento da Comisión interministerial adecuarase ás seguintes normas:

a) Para efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos requirírase a presenza do presidente, do secretario e de dúas terceiras partes, polo menos, dos membros da Comisión.

b) Correspóndelle ao secretario, por orde do presidente, convocar as sesións cunha antelación mínima de 10 días hábiles, mediante o envío da orde do día e a documentación que proceda. A orde do día será fixada polo presidente, aínda que os membros poderán solicitar a incorporación de novos asuntos con, polo menos, cinco días de antelación á data da convocatoria.

A documentación complementaria poderase repartir ata dous días antes da data da convocatoria.

Poderán ser obxecto de deliberación e acordo asuntos non incluídos na orde do día, sempre que estean presentes todos os membros da Comisión e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

c) O secretario exercerá as funcións de apoio técnico que a Comisión lle encomende en cada momento.

d) Os acordos adoptaranse por maioría de votos, e correspóndelle ao presidente dirimir co seu voto de calidade en caso de empate.

e) O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Prazo de constitución da Comisión interministerial.*

A Comisión interministerial de apoio á autoridade de coordinación no sector das froitas e hortalizas frescas constituirase nun prazo máximo de tres meses, contados desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Información á Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.*

Os resultados das reunións da Comisión interministerial de apoio á autoridade de coordinación no sector das froitas e hortalizas frescas serán comunicados de forma inmediata á Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, para os efectos recollidos no Real decreto 1456/1982, do 18 de xuño, polo que se regula a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xaneiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA